



## EXPOSICIÓN PERMANENTES

Exposición de Kalandraka.

Exposición de libros cedidos polas distintas editoriais.

Exposición de traballos realizados por alumnas e alumnos  
dos centros de ensino de Carballo.

Horario de visitas ás exposicións: de 9:30 a 14 horas para os centros  
de ensino e de 18 a 20 horas para o público en xeral.

XIII SEMANA DO LIBRO E DA LECTURA

# “Mulleres de conto”

Do 23 ao 27 de abril de 2018

Pazo da Cultura. Carballo.

Organizan:  
Asociación Socio-Pedagóxica Galega  
Concello de Carballo

Patrocina:  
Fundación Luís Calvo Sanz

Colabora:  
Editorial Kalandraka

Agradecemento ás editoriais Baía, Cumio, Galaxia,  
Kalandraka, OQO Editora e Xerais pola cesión de libros  
para a exposición da Semana do Libro.

Agradecemento a todo o profesorado dos centros de  
ensino de Carballo pola súa colaboración e implicación  
coa Semana do Libro.



@Leandro Lamas

XIII SEMANA DO LIBRO E DA LECTURA

# “Mulleres de conto”

Do 23 ao 27 de abril de 2018. Pazo da Cultura. Carballo.

Organiza:

Patrocina:

# ACTIVIDADES CONCERTADAS COS CENTROS DE ENSINO

De luns a venres de 09:30 a 14:00 horas

**LUNS 23, 1º/2º EP**

**AGURATRAT  
da Cía. Pérez&Fernández**

Nesta historia sobresaen dous importantes aspectos: o amor entre persoas maiores e o amor aos animais. Ambos temas tratados con delicadeza e humor. Unha obra de teatro para quen guste dos xogos de palabras, das tartarugas, dos seus maiores e das ideas orixinais e divertidas.

**MARTES 24, EI  
CANTA CONNOSCO!  
Migallas Teatro**

En Canta connosco! combínanse as cancións e a música co teatro. O coidado das mascotas, o consumismo na compra de xoguetes, a lectura como pracer, a importancia da imaxinación, o xogo do teatro e moito máis levarannos a bailar e gozar coa música.

**MÉRCORES 25, 3º/5º EP  
UN RONSEL DE ARDORA.  
PEQUENA BIOGRAFÍA DE  
ÁNGELES ALVARIÑO**

**Polo Correo do Vento**

Os autores Enrique Mauricio e Carlos Taboada narrarán e debuxarán a vida da oceanógrafa galega e realizarán ademais un obradoiro de debuxo sobre a nosa afamada científica ferrolá.

**CONSTRUÍNDO ILUSIÓNS  
co mago David Méndez**

Obradoiro máxico, dinámico e divertido onde coñeceremos os conceptos fundamentais da maxia e aprenderemos a facer xogos sinxelos para sorprender ás amizades. Mergullármonos nos segredos do mundo da maxia e coñecermos as infinitas posibilidades que ofrece a arte de ilusionar.

**REGUEIFA 2.0.  
EDUCANDO EN IGUALDADE  
Alba María, regueifeira**

Alba María convidanos a improvisar a vida a través da modalidade bergantiñá por excelencia: a regueifa. Deste xeito iniciáremonos nos mecanismos de rima, métrica, versificación e ampliación de léxico como recursos discursivos.

**XOVES 26, 3º EP**

**ROSA NON É UNHA COR....  
Cris de Caldas, contadora**

Nin a cor rosa é de nenas, nin o azul de nenos. As cores, cores son! Ao igual que os xoguetes e os contos. Contos para nenos e para nenas. A igualdade tamén está nos contos.

**ANIMANDO LIBROS.  
INICIACIÓN AO STOP MOTION  
Ceo Aberto**

Obradoiro para crear unha mini película de animación partindo de libros presentes na exposición. Tras unha breve presentación e gravación de proba, os/as participantes poderán levar a cabo as súas obras para logo subilas a internet nunha canle creada especificamente para esa finalidade.

**OBRADOIRO DE  
DESPRINCESAMENTO  
Nova Xestión Cultural**

Nin fada nin princesa! estamos fartas de ser as eternas pasivas nos contos... nin todas queremos ser princesas, nin todos queren ser guerreiros. Nenos e nenas deberían xogar ao que lles pete sen medo ao que pense o resto das persoas.

**VENRES 27, 5º EP  
XOGANDO CO CORPO E O MAXÍN  
por Isa Herrero e Anxo Manóel  
de Lucecús teatro**

Obradoiro no que a través de diferentes dinámicas lúdicas aprenderemos os fundamentos do teatro ao mesmo tempo que nos divertimos xogando coas nosas dúas ferramentas máis importantes: o noso corpo e o noso maxín.

**ÁS PRINCESAS NON LLES  
GUSTAN OS SEUS CONTOS  
Eli Ríos, escritora**

No Mundo dos Contos as princesas queren cambiar as súas historias. Marta e Oli, unha pintega moi moi moi gorrobella, van tentar axudalas.

# TARDES DE CONTOS, MÚSICA E MAXIA

De luns a venres ás 18:00 horas

Para público familiar. Con entrada libre e de balde até completar aforo

**LUNS 23**

**TIC TAC TOC**

**concerto de Pablo Díaz**

Música pop-rock-folk para a xente miúda, os temas máis divertidos do último traballo "TIC TAC TOC" e tamén un pequeno repaso dos temas máis emblemáticos dos anteriores traballos "TIC TAC" e "TOC TOC"

**MARTES 24**

**A VOLTA AO MUNDO**

**con Sole Felloza, contadora e actriz**

Se os pés piden camiño, non queda outra que deixarlles ir. Laia e Salaia sábeno moi ben. O mundo existe cando o contamos.

**MÉRCORES 25**

**"REVOLUCIÓN EN VERSO"**

**Alumnado de 5º de E.P do FOGAR**

**MAXIA DE AQUÍ E DE ACOLÁ**

**co mago David Méndez**

Maxia de aquí e de acolá é o resultado dunha

mestura entre maxia, comedia e improvisación, onde a participación do público está presente en todo momento.

**XOVES 26**

**Eu conto, ti contas...**

**ELAS contan.**

**Cris de Caldas**

Conxugaremos o verbo contar entre todos e todas para recordar os contos escritos por mulleres, ilustrados por mulleres, con mulleres de conto. Contos con, de e sobre mulleres. Porque contamos todos! E elas tamén.

**VENRES 27**

**TIRANDO DO FÍO**

**con Fátima Villameá**

Un convite a tirar dos fíos das historias. Algunhas delas levan no mundo centos de anos e outras un pouco menos, algunhas viaxan de boca a orella e outras habitan nos libros das bibliotecas. Se queres descubrilas deberás tirar do fío.